



**CONVOCATORIA DE MATRÍCULA
NA
PROBA DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á
UNIVERSIDADE
(CONVOCATORIA ORDINARIA ·XUÑO DE 2019)**

A RESOLUCIÓN conxunta do 11 de febreiro de 2019 (DOG nº 37 do 21 de febreiro), da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2018/19, da Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) para o curso 2019/20 establece que en Galicia as ditas probas estarán reguladas, de forma supletoria, e no que resulte compatible co novo marco normativo, pola Orde do 24 de marzo de 2011 (DOG Nº 66 do 4 de abril) pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Neste senso, no seu articulado, a dita Orde do 24 de marzo de 2011 establece que o modelo de actuación e a organización das probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao no Sistema Universitario de Galicia (SUG) será competencia da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG).

A efectos organizativos, sendo necesario realizar unha matrícula nas probas de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU), a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) RESOLVEU convocar a Matrícula Anticipada, Ordinaria e Extraordinaria para a realización dos exercicios correspondentes ás ditas probas, na convocatoria ordinaria [xuño de 2019], conforme as seguintes

BASES

Primeira: ESTRUCTURA DA PROBA DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU)

A proba da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) estruturarase en dúas partes denominadas, respectivamente, parte obrigatoria e parte voluntaria.

Parte Obrigatoria: A parte obrigatoria está formada polas catro materias xerais do bloque de materias troncais (Lingua Galega e Literatura II, Lingua Castelá e Literatura II, Historia de España II e Primeira Lingua Estranxeira II) e a materia troncal da modalidade elixida (Fundamentos da Arte II, Matemáticas II,



Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II ou Latín II)

Parte Voluntaria: O alumnado que queira mellorar a súa cualificación de admisión poderá examinarse dun máximo de catro materias que elixirá de entre o resto de materias non cursadas na fase obrigatoria, E dicir, poderá elixir 4 de entre as 18 seguintes materias: Matemáticas II, Latín II, Matemáticas Aplicadas CC.SS, Fundamentos da Arte II, Física, Xeografía, Cultura Audiovisual II, Química, Grego II, Debuxo Técnico II, Artes Escénicas, Segunda Lingua Estranxeira II (Inglés, Francés, Alemán, Italiano y Portugués), Bioloxía, Historia da Arte, Xeoloxía, Historia da Filosofía, Economía da empresa, Deseño). O alumnado non pode examinarse das materias da parte obrigatoria, se ben a materia troncal de modalidade pode contar como materia da parte voluntaria.

Segunda: TIPOS DE MATRÍCULA, PRAZOS, PROCEDEMENTO, LUGAR E HORARIO.

1.- MATRÍCULA ANTICIPADA:

1.1.- PRAZO: do 8 ao 31 de maio de 2019.

1.2.- PROCEDEMENTO, LUGAR E HORARIO: a matrícula anticipada efectuarse preferentemente a través da aplicación informática Nerta <https://www.edu.xunta.es/nerta>.

De facelo nos Lugares de Entrega e Recollida de Documentación (LERD) habilitados en cada un dos sete campus de Galicia, deberá facerse no LERD correspondente (véxase o Anexo I), en horario de 9,00 a 14,00 horas.

Para efectuar a matrícula, utilizarase unicamente o impreso oficial que se facilitará nos centros de ensino secundario, nos LERD ou que se xerará a través da aplicación informática Nerta.

1.3.- QUEN PODE MATRICULARSE:

Poderanse matricular no prazo sinalado para a Matrícula Anticipada as persoas que obtivesen o título de Bacharelato ou declarado equivalente en anos anteriores ao curso 2018-2019 e se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- a) Alumnado dos centros de Bacharelato da C.A. de Galicia que obtivese o título de Bacharelato en anos anteriores, pero non teña aprobada a PAU ou a ABAU, deberá matricularse obrigatoriamente da proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU) e, de ser o caso, da Parte Voluntaria da dita proba.
- b) Alumnado dos centros de Bacharelato da C.A. de Galicia que tendo aprobada a PAU ou a ABAU desexe mellorar a súa cualificación. Poderá matricularse da Parte Obrigatoria e/ou da Parte Voluntaria da ABAU.
- c) Alumnado dos centros de Bacharelato de fóra da C.A. de Galicia que tendo aprobada a PAU ou a ABAU desexe mellorar a súa cualificación. Poderá matricularse da Parte Obrigatoria e/ou da Parte Voluntaria da ABAU. *(Deberá acreditar a súa residencia na C.A. de Galicia).*



- d) Alumnado procedente de ordenacións educativas anteriores (PREU, COU, LOXSE, MÚSICA E DANZA) en posesión do Título de Bacharelato ou equivalente, que desexe mellorar a súa cualificación de acceso. Poderá matricularse da Parte Obrigatoria e/ou da Parte Voluntaria da ABAU. *(O alumnado dos centros de fóra da C.A. de Galicia deberá acreditar a súa residencia na C.A. de Galicia).*
- e) Alumnado de FP de anos anteriores que estea en posesión do título de Técnico Superior de F.P., T.S. Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior ou equivalentes que desexe mellorar a súa cualificación de acceso. Poderá matricularse unicamente da Parte Voluntaria da ABAU. *(O alumnado de centros de fóra de Galicia deberá acreditar a súa residencia na C.A. de Galicia).*
- f) Alumnado de anos anteriores en posesión do título de Bacharelato Europeo en virtude das disposicións contidas no Convenio polo que se establece o Estatuto das Escalas Europeas, feito en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e/ou alumnado que obtiveran o Diploma do Bacharelato Internacional, expedido pola Organización do Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza), que desexe mellorar a súa cualificación. Poderá matricularse unicamente da Parte Voluntaria da ABAU. *(Deberá acreditar a súa residencia na C.A. de Galicia).*
- g) Alumnado de anos anteriores procedente de sistemas educativos de estados membros da UE ou de estados cos que se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumpran os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades, que desexe mellorar a súa cualificación. Poderá matricularse unicamente da Parte Voluntaria da ABAU. *(Deberá acreditar a súa residencia na C.A. de Galicia)*
- Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos de Bacharelato *[Art. 3.1.c) do RD 412/2014, de 6 de xuño]*.
 - Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos declarados equivalentes ou homologados aos títulos de Técnico Superior de F. P., de Artes Plásticas e Deseño ou de T. Deportivo Superior. *[Art. 3.1.e) do RD 412/2014, de 6 de xuño]*.
 - Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos, diferentes dos equivalentes aos títulos de Bacharelato, Técnico Superior de F. P. de Artes Plásticas e Deseño ou de T. Deportivo Superior. *[Art. 3.1.f) do RD 412/2014, de 6 de xuño]*.
- h) Alumnado de anos anteriores en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español, procedentes de sistemas educativos de estados membros da UE ou de estados cos que se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que non cumpra os requisitos académicos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades *[Art 9.2.b) do RD 412/2014, de 6 de xuño]*, que desexe mellorar a súa cualificación ou Nota de Acceso á Universidade (NAU = Nota Media do Título homologado) mediante a realización da Parte Obrigatoria e -de ser o caso- da Parte Voluntaria da ABAU. Poderán matricularse da Parte Obrigatoria e -de ser o caso- da



Parte Voluntaria da ABAU. *(Deberá acreditar a súa residencia na C.A. de Galicia).*

- i) Alumnado de anos anteriores procedentes de sistemas educativos de estados que non sexan membros da U E cos que non se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumpran os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades e que desexe mellorar a súa cualificación ou Nota de Acceso á Universidade (NAU = Nota Media do Título Homologado). Poderán matricularse unicamente da Parte Voluntaria da ABAU. *(Deberá acreditar a súa residencia na C.A. de Galicia).*

- Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español [Art 3.1.d) do RD 412/2014, de 6 de xuño].

- Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos declarados equivalentes ou homologados aos títulos de Técnico Superior de F.P., de Artes Plásticas e Deseño ou de T. Deportivo Superior. [Art 3.1.e) do RD 412/2014, de 6 de xuño].

- k) Alumnado de anos anteriores en posesión de títulos, diplomas ou estudos, homologados ou declarados equivalentes ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español, procedentes de sistemas educativos de estados que non sexan membros da UE cos que non se teñan subscrito acordos intencionais aplicables ao respecto, que non cumpran os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades (Art. 9.2.c) do RD 412/2014) e que desexe mellorar a súa cualificación ou Nota de Acceso á Universidade (NAU = Nota Media do Título Homologado) mediante a realización da Parte Obrigatoria e -de ser o caso- da Parte Voluntaria da ABAU. Poderán matricularse da Parte Obrigatoria e -de ser o caso- da Parte Voluntaria da ABAU. *(Deberá acreditar a súa residencia na C.A. de Galicia).*

Tamén se poderá matricular no prazo de Matrícula Anticipada :

- l) Alumnado de F.P. pertencente a centros da C. A. de Galicia que estea en disposición de acadar o título de Técnico Superior de F.P., Artes Plásticas e Deseño ou T. Deportivo Superior ou equivalente na convocatoria de xuño de 2019, e queiran mellorar a súa nota de acceso á universidade (NAU = NMTS) mediante a realización da Parte Voluntaria da ABAU. *[Deberán presentar certificación académica oficial provisional].*

2.- MATRÍCULA ORDINARIA:

2.1.- PRAZOS, LUGAR, HORARIO E PROCEDEMENTO,:

1º) Prematrícula polo alumnado nos centros correspondentes de Educación Secundaria: do 23 ao 27 de maio.

Para efectuar a prematrícula, utilizarase unicamente o impreso oficial que se facilitará nos centros de ensino secundario, nos LERD ou que se xerará a través da aplicación informática Nerta .

2º) Matrícula nos LERD polos Centros: Finalizado o proceso de prematrícula do



alumnado, os centros de Educación Secundaria enviarán ao LERD correspondente a documentación no prazo do 29 ao 31 de maio.

2.2.- QUEN SE PODE MATRICULAR: Poderán matricularse no prazo de Matrícula Ordinaria, as persoas que se atopen na seguinte situación:

- a) Alumnado de centros da C.A. de Galicia que teña superado o Bacharelato na convocatoria de xuño de 2019.
- b) Nos termos establecidos no punto *Cuarto* da "Resolución de 22 de febrero de 2019, (BOE núm. 47, de 23 de febreiro) de la Secretaría de Estado de Educación y Formación Profesional y la Secretaría de Estado de Universidades, Investigación, Desarrollo e Innovación, por la que se establecen las adaptaciones de la evaluación de Bachillerato para el acceso a la Universidad a las necesidades y situación de los centros españoles situados en el exterior del territorio nacional, los programas educativos en el exterior, los programas internacionales, los alumnos procedentes de sistemas educativos extranjeros y las enseñanzas a distancia, para el curso 2018-2019", o alumnado de centros da C.A. de Galicia que obteñan a dobre titulación de Bacharelato español e de Baccalauréat francés na convocatoria de xuño de 2019. O alumnado con título de Baccalauréat francés titulado no presente curso 2018-2019, pode matricularse só da Fase Voluntaria da proba ABAU-2019 organizada pola CiUG.

3.- MATRÍCULA EXTRAORDINARIA:

Poderá matricularse no prazo de Matrícula Extraordinaria, o día 4 de xuño (das 9.00 ás 14.00 h.), o alumnado de centros de Galicia que aprobe o segundo curso de Bacharelato despois da resolución emitida pola Dirección Xeral de Centros e Ordenación e Innovación Educativa das reclamacións ás cualificacións do Bacharelato.

Terceira: DOCUMENTOS PARA REALIZAR A MATRÍCULA E REQUISITOS QUE DEBE REUNIR A DOCUMENTACIÓN.

1.- MATRÍCULA ANTICIPADA:

O alumnado dos Centros da C.A. de Galicia que ten os seus datos académicos informatizados na aplicación NERTA só ten que presentar o resgado acreditativo de ter aboados os prezos de matrícula ou, no seu caso, documentación que acredite a exención das mesmas.

1.1.- Documentos comúns para todo o alumnado:

- Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
- Resgado acreditativo de ter aboados os prezos públicos de matrícula ou, no seu caso, documentación que acredite a exención destes segundo o estipulado nesta convocatoria de matrícula.



- Impreso oficial de matrícula na ABAU debidamente cumprimentado (datos persoais, académicos e de matrícula para a ABAU).

1.2.- Documentos específicos:

a) Alumnado dos centros de Bacharelato da C. A. de Galicia que obtivesen o título de Bacharelato en anos anteriores, pero non se teña presentado as probas de acceso á universidade (PAU ou ABAU):

- Fotocopia compulsada do Título de Bacharelato ou, no seu caso, resgardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste.
- Certificación expedida polo centro onde consten as cualificacións dos dous cursos do Bacharelato ou equivalente.

Nota: Este alumnado presentárase á proba de acceso polo mesmo centro no que cursase o segundo curso do Bacharelato, agás os que teñan solicitado á Inspección Educativa presentarse polo centro máis próximo ao seu lugar de residencia.

b) Alumnado dos centros de Bacharelato de fóra da C. A. de Galicia que tendo aprobada a PAU ou a ABAU desexe mellorar a súa cualificación:

- Fotocopia compulsada da Tarxeta de Cualificación da PAU ou da ABAU.
- Resolución da Inspección da Consellería de adscrición ao centro polo que concorrerá á proba.
- Acreditación da súa residencia actual en Galicia.

c) Alumnado procedente de ordenacións educativas anteriores (PREU, COU, LOXSE, MÚSICA E DANZA) en posesión do título de Bacharelato ou equivalente:

➤ Alumnado de PREU, COU e LOXSE:

- Fotocopia compulsada do Título de Bacharelato ou, no seu caso, resgardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste.
- Certificación expedida polo centro onde consten as cualificacións dos dous cursos do Bacharelato ou equivalente.

Nota: O alumnado de PREU, COU e Bacharelato LOXSE presentara se á ABAU polo mesmo centro no que cursase o PREU, COU e/ou segundo curso do Bacharelato, agás os que teñan solicitado á Inspección Educativa presentarse polo centro máis próximo ao seu lugar de residencia.

➤ Alumnado de Música e Danza:

- Resolución da Inspección da Consellería de adscrición ao centro polo que concorrerá á proba.
- Certificación de estar en posesión do Título de Bacharelato ou equivalente.
- Certificación das cualificacións obtidas nos seus estudos do 3º Ciclo de Música ou Danza.



d) Alumnado de F. P. de anos anteriores que estea en posesión do título de Técnico Superior (TSFP, TS Artes Plásticas e Deseño, Técnico Deportivo Superior ou equivalentes) e desexen realizar a Parte Voluntaria da ABAU:

- Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos, segundo o modelo oficial que se facilitará pola CiUG aos centros.
- Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.

O alumnado de centros de fóra da C. A. de Galicia deberá achegar, ademais:

- Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos, para os estudantes de Ciclos Formativos de Grao Superior na certificación deberán constar as cualificacións obtidas nos Módulos.
- Acreditación da súa residencia actual na C.A. de Galicia.
- Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de Bacharelato desta Comunidade Autónoma polo que concorrerá á proba.

e) Alumnado de anos anteriores en posesión do título de Bacharelato Europeo en virtude das disposicións contidas no Convenio que se establece o Estatuto de Escolas Europeas, feito en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e/ou alumnado que obtivese o Diploma do Bacharelato Internacional, expedido pola Organización do Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza) e desexen realizar a Parte Voluntaria da ABAU:

- Credencial expedida pola UNED na que conste que o alumnado cumpre os requisitos de acceso á universidade no sistema educativo de orixe.
- Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de Bacharelato desta Comunidade Autónoma polo que concorrerá á proba.
- Acreditación da súa residencia actual na C. A. de Galicia.

f) Alumnado de anos anteriores en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de Bacharelato, aos Títulos Superiores de F. P., de Artes Plásticas e Deseño, ou de T. Deportivo Superior do Sistema Educativo Español procedente de sistemas educativos de estados membros da U.E. ou de estado cos que se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumbran os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades, que desexe mellorar a súa cualificación ou nota de acceso á universidade (NAU) mediante a realización da Parte Voluntaria da ABAU:

- Credencial expedida pola UNED na que conste que o alumnado cumpre os requisitos de acceso á universidade no sistema educativo de orixe.



- Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de Bacharelato desta Comunidade Autónoma polo que concorrerá á proba.
 - Acreditación da súa residencia actual na C. A. de Galicia.
- g) Alumnado de anos anteriores en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español, procedente de sistemas educativos de estados membros da U.E. ou de estado cos que se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que desexe mellorar a súa cualificación ou nota de acceso á universidade (NAU = Nota Media do Título homologado) mediante a realización da Parte Obrigatoria e, de ser o caso, da Parte Voluntaria da ABAU:
- Homologación do título, diploma ou estudo obtido ou realizado en sistemas educativos estranxeiros.
 - Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de Bacharelato desta Comunidade Autónoma polo que concorrerá á proba.
 - Acreditación da súa residencia actual na C.A. Galicia.
- h) Alumnado de anos anteriores en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español, procedentes de sistemas educativos de estados que non sexan membros da UE cos que non se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumpran os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades e que desexe mellorar a súa cualificación mediante a realización da Parte Voluntaria da ABAU:
- Homologación do título, diploma ou estudo obtido ou realizado en sistemas educativos estranxeiros.
 - Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de Bacharelato desta Comunidade Autónoma polo que concorrerá á proba.
 - Acreditación da súa residencia actual na C.A. Galicia.
- i) Alumnado de anos anteriores en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español, procedentes de sistemas educativos de estados que non sexan membros da UE cos que non se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que desexe mellorar a súa cualificación mediante a realización da Parte Obrigatoria e/ou da Parte Voluntaria da ABAU:
- Homologación do título, diploma ou estudo obtido ou realizado en sistemas educativos estranxeiros.
 - Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de Bacharelato desta



Comunidade Autónoma polo que concorrerá á proba.

- Acreditación da súa residencia actual na C.A. Galicia.

k) Alumnado de Formación Profesional pertencente a centros da C. A. de Galicia que estea en disposición de acadar o título correspondente de Técnico Superior na convocatoria de xuño de 2019:

- Certificación académica oficial provisional expedida polo centro na que conste a superación de todos os módulos que compoñen o ciclo formativo de que se trate, a excepción dos módulos sinalados no punto 4 do artigo 27º da Orde do 24 de marzo de 2011:

- Módulo de Formación en Centros de Traballo e, no seu caso, do módulo do proxecto (T.S. de F. P.).
- Módulo de Formación Práctica en empresas, estudos e talleres e o Módulo de Proxecto Integrado (T. S. Artes Plásticas e Deseño).
- Módulos de formación práctica e de proxecto final (T. Deportivo Superior).

2.- MATRÍCULA ORDINARIA E EXTRAORDINARIA.

Documentos comúns para todo o alumnado sinalado no punto 2.2.e 3 da base primeira :

- Fotocopia do DNI ou Pasaporte.

- Resgardo acreditativo de ter aboados os prezos públicos de matrícula ou, no seu caso, documentación que acredite a exención destes segundo o estipulado nesta convocatoria de matrícula.

- Impreso oficial de matrícula na ABAU debidamente cumprimentado (datos persoais, académicos e de matrícula para a ABAU).

- Fotocopia do Título de Bacharelato LOMCE ou LOE / Baccalauréat francés ou, no seu caso, resgardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste. De cara a axilizar o proceso, estes resgardos individualizados pódense substituír por unha certificación do centro na que conste que todos os alumnos e alumnas teñen feito o depósito do título do Bacharelato.

- Os/as representantes dos centros acompañarán a matrícula dunha listaxe de alumnos matriculados na ABAU con indicación do DNI, apelidos e nome, exención de Lingua Galega e Literatura II (se é o caso) e importe das taxas aboadas ou, no seu caso, xustificante de exención. Este listado poderá ser xerado a través da aplicación informática Nerta.

3.- REQUISITOS QUE DEBE REUNIR A DOCUMENTACIÓN.

- PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN: De conformidade co disposto no *artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, os documentos que se dirixan á CIUG, ademais de nos LERD indicados no Anexo 1,



poderán presentarse nalgún dos seguintes rexistros:

- a) Nos Rexistros xerais das tres universidades do SUG ou nos rexistros auxiliares.
 - b) Nos Rexistros oficiais da Administración Xeral do Estado ou das Comunidades Autónomas.
 - c) Nos Rexistros de entidades que integran a Administración Local, sempre que se asinase o oportuno convenio.
 - d) Nas Oficinas de correos de España, na forma que regulamentariamente está establecida.
 - e) Nas Representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
- **COMPULSAS OU COTEXO DE DOCUMENTOS EXPEDIDOS EN ESPAÑA:** só serán válidas as compulsas que realicen os seguintes órganos ou unidades administrativas:
- a) Rexistros relacionados no apartado anterior.
 - b) Unidade administrativa onde se tramita o expediente.
 - c) Organismo español que expediu o documento.
 - d) Notarios españois.
 - e) Representación diplomática española, no caso de que se presente no estranxeiro.

Nota: Non se admitirá ningún documento compulsado ou cotexado por órganos ou unidades administrativas distintas ás citadas neste apartado. Neste caso, requirirase a presentación do orixinal para a súa comprobación pola unidade administrativa que ten encomendada a súa tramitación. Tamén se requirirá a presentación do orixinal cando nas copias compulsadas non se identifique claramente o organismo que expide a compulsas ou o cargo, nome e apelidos de quen as asina.

Cuarta: PREZOS PÚBLICOS, EXENCIÓNS E AXUDAS.

O aboamento do prezo da matrícula para as probas ABAU farase no impreso establecido a tal efecto.

De conformidade co disposto no Decreto 68/2018, do 21 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2018-2019, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 128 do xoves, día 5 de xullo de 2018), o importe do prezo de matrícula para estas probas é de: 63,67 euros.

EXENCIÓNS no pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos :

Serán de aplicación as exencións establecidas no artigo 12 do Decreto 68/2018, do 6 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso



académico 2018-2019, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 128 do xoves, día 5 de xullo de 2018):

Familia numerosa - Categoría Xeral	31,84 euros
Familia numerosa - Categoría Especial	Gratuíta
Persoas con discapacidade ($\geq 33\%$), vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero	Gratuíta
AXUDAS	
Persoal das Universidades do SUG	Gratuíta

Nota:

- (1) Os beneficiarios/as de Familia Numerosa de Categoría Xeral e de Familia Numerosa de Categoría Especial deberán achegar, no momento da matrícula, xunto co xustificante bancario, fotocopia cotexada do carné de Familia Numerosa vixente no momento da matrícula.
- (2) A condición de persoa con discapacidade ($\geq 33\%$), de vítima de acto terrorista acreditarase coa correspondente resolución administrativa pola que se recoñecese a condición correspondente que deberá presentarse, necesariamente, no prazo de matrícula fixado, vixente nese momento para que teña eficacia.
- (3) A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase no momento da matrícula mediante o documento acreditativo de dita condición que deberá estar adoptado ou emitido no prazo de 24 meses inmediatamente anteriores á data de formalización da matrícula.
- (4) AXUDAS para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos: serán beneficiarias das axudas para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos todas as persoas que estean contempladas nalgún suposto das "Convocatorias de axudas e subvencións de Prezos Públicos" de calquera das tres universidades públicas do SUG para o presente curso académico:
 - Persoal docente e de administración e servizos, os seus fillos/as, así como o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación, das tres Universidades de Galicia terá a matrícula gratuíta.
 - A gratuidade deberá acreditarse mediante certificación dos respectivos Servizos de Persoal e, no caso de cónxuxe e fillos/as, ademais, por medio da fotocopia cotexada do Libro de Familia. A situación que da dereito a axuda deberá estar vixente no momento da matrícula.

Quinta: LISTAXE DE MATRICULADOS.

- 28 de maio: O alumnado deberá revisar os seus datos podendo interpoñer -no seu centro- reclamación aos mesmos, ata as 14.00 horas dese día se detecta algún erro



- A partir do 1 de xuño o alumnado poderá consultar en NERTA a súa matrícula na ABAU.

Sexta: EXAMES. COMISIÓNS DELEGADAS E CENTROS DE SECUNDARIA QUE AS INTEGRAN.

O alumnado matriculado nestas probas convócase para realizar os correspondentes exercicios formando grupos, integrado cada un deles por centros de ensino secundario e distribuídos por Comisións Delegadas segundo se indica no Anexo II.

Sétima: CALENDARIO E HORARIO DOS EXAMES.

- Calendario: os exames terán lugar os días 12, 13 e 14 de xuño.
- Horario: ver Anexo III

Oitava: PRESENTACIÓN DO ALUMNADO AOS EXAMES.

Todo o alumnado deberá acudir á presentación o primeiro día as 9.00 horas e logo presentarse á realización dos exercicios á hora convocada para o comezo de cada un deles.

Deberá concorrer provistos do DNI ou pasaporte, pluma ou bolígrafo, e do material axeitado para realizar as probas correspondentes ás materias de Debuxo e ás específicas da modalidade de Artes do Bacharelato, así como dicionarios de Latín e Grego para a realización dos exames.

Non está permitida a asistencia ao lugar dos exames con teléfonos móbiles nin outros dispositivos electrónicos, excepto calculadoras non programables e sen capacidade gráfica. Todo o alumnado deberá manter os pavillóns auditivos despexados para a verificación de que non se usan dispositivos auditivos non permitidos. O incumprimento desta norma, ao igual que por copia ou suplantación de identidade, poderá ser motivo de medida disciplinaria.

Novena: PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS.

Unha vez rematadas as probas, as cualificacións obtidas polo alumnado faranse públicas na Internet o día 21 de xuño, a partir das 20.00 horas.

Os centros de ensino secundario poderán consultar e imprimir unha copia da acta de cualificacións da ABAU correspondente ao seu centro directamente a través da aplicación informática NERTA.

O día 28 de xuño faranse públicas as cualificacións despois da resolución das solicitudes de segunda corrección e das solicitudes de reclamación (a partir das 20:00 horas).



As cualificacións definitivas despois das reclamacións ao resultado da segunda corrección faranse públicas o día 4 de xullo (a partir das 15.00 horas).

Décima: ENTREGA DAS TARXETAS DE CUALIFICACIÓN.

O día 24 de xuño, os centros de ensino secundario descargarán un arquivo en formato pdf coas *Tarxetas de Cualificación da ABAU asinadas dixitalmente para entregar a cada un dos seus alumnos.*

Posteriormente, o día 1 de xullo, os centros de ensino secundario descargarán un arquivo en formato pdf coas *Tarxetas de Cualificación da ABAU asinadas dixitalmente con modificación de nota despois do primeiro prazo de revisión das cualificacións para entregar a cada un dos seus alumnos.*

Finalmente, o día 5 de xullo, os centros de ensino secundario disporán das *Tarxetas de Cualificación da ABAU con modificación de nota despois da segunda revisión das cualificacións para entregar a cada un dos seus alumnos.*

Undécima: REVISIÓN DAS CUALIFICACIÓNS.

1- SOLICITUDES DE RECLAMACIÓN E SEGUNDA CORRECCIÓN (primeiro prazo): 22 a 26 de xuño

